Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Micromitos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 005: A Atlántida

A min contoumo Xosé Couñago e a el os vellos mariñeiros do lugar. A unhas dez millas do porto de Malpica hai uns farallóns que sobresaen do mar coa marea baixa. Os mariñeiros ao pasaren din que se ven muros e escaleiras, que serían restos das construcións dunha antiga illa no medio do océano. Sabemos, aínda que eles non o din ou non o saben, que se refiren á Atlántida, a gran illa lendaria que desapareceu baixo Atlántico.

Segundo o filósofo grego Platón, os seus habitantes, os atlantes, foron castigados pola súa soberbia e no que dura un día e unha noite foron deglutidos por un maremoto ou un volcán.

Antes de que a Atlántida desaparecese, os homes e mulleres bos e xenerosos que alí vivían puideron fuxir da hecatombe en barcas de pedra e con rumbo este chegaron á costa galega. Fundaron asentamentos e erixiron santuarios como os de santo André de Teixido, santa Comba de Covas, santo Hadrián de Malpica, a Virxe da Barca en Muxía... e moitos máis.

Semella a viaxe de retorno desde o Máis Alá (como as dos santos Amaro, Ero, Brandán...) ao lugar que hoxe ocupamos.

© **Antonio Reigosa.** **Serie**: Micromitos **Publicación:** *Nós Diario*, 5 de setembro de 2020.

Locución audio: Rocío Romero Otero

Your browser does not support the audio element.